

## **MEMORIA DE ACTIVIDADES 2019**

### **PROGRAMAS**

**INFORMACIÓN E ATENCIÓN SOCIAL**

**INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA**

**ATENCIÓN NO MEDIO RURAL**

**DIVULGACIÓN SOCIAL**

**OBRADOIROS DE MEMORIA**

**OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA**

**PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS**

**VOLUNTARIADO**

**FORMACIÓN ESPECIALIZADA**

**Programa de Información e Atención Social:** Unha das primeiras actuacións realizadas por AFAOR unha vez requirida a nosa intervención é a posta en funcionamento deste servizo. Supón, polo tanto, a porta de entrada e canalización de todas as demandas recibidas, sexan presentadas por familias, particulares, profesionais ou institucións.

Polo xeral, estas demandas relaciónanse cunha situación de deterioro cognitivo ou diagnóstico dunha demencia (polo xeral, un Alzheimer) e, en menor medida, coa petición de información/documentación a nivel profesional ou formativo

Máis de trescentas demandas foron atendidas en 2019 tan só neste servizo.

**Programa de Intervención Psicolóxica:** consistiu no estudo, análise, diagnóstico, intervención e avaliación daqueles casos que precisan, explícita ou implicitamente, dunha atención especializada de carácter terapéutico a nivel psicosocial, coa fin de promover o benestar psicolóxico dos coidadores, en concreto, de favorecer o seu desafogo emocional e a súa aprendizaxe de convivencia coa enfermidade mediante estratexias de autocuidado.

Tamén se planificaron diferentes actividades de carácter lúdico, como visitas guiadas a exposicións, encontros populares, etc, o que nos axudou sen ningunha dúbida a xerar cohesión, complicidade e sensación de pertenza nos participantes rexistrados ao longo do presente ano. Preto de 100 familias ourensás apoiáronse neste máis que necesario proxecto.

**Programa de Atención no Medio Rural:** executado ao longo dos últimos 12 meses co fin de promocionar o coñecemento da enfermidade de Alzheimer e dos recursos cos que contan hoxe en día as familias afectadas por esta enfermidade na provincia de Ourense. Neste senso programamos e impartimos 10 accións de carácter grupal en 5 comarcas: Ourense, Carballiño, Xinzo de Limia, Celanova e O Ribeiro, conseguindo achegar aos 120 beneficiarios directos e –estimamos- 240 indirectos (persoas con deterioro cognitivo, familiares e cuidadores de enfermos de Alzhéimer e futuros profesionais) coñecementos sociosanitarios contorna á enfermidade de Alzhéimer.

**Programa de Divulgación Social:** A celebración de actos promocionais e de sensibilización ó redor da realidade das demencias senís, segue a ser un principais soportes nos que baseamos non só este proxecto, senón tamén á engrenaxe da nosa entidade. Deste xeito, organizamos 5 actos nas comarcas de Ourense, O Ribeiro e O Carballiño co obxectivo de dar a coñecer a existencia da nosa asociación e a magnitude do impacto da doenza de Alzhéimer na nosa provincia e cos que nos achegamos a preto de 900 persoas:

- III Edición do Desfile de Moda Infantil e Xuvenil en favor de AFAOR.
- Participación nas Primeiras Xornadas Saudables do Centro Médico El Carmen.
- Conmemoramos Día Internacional do Alzhéimer nos concellos de Ourense, Carballiño, Celanova e Ribadavia
- Celebración da Cea Anual de AFAOR

**Programa de Obradoiros de Memoria:** Ao longo do pasado ano volvemos a desenvolver, en colaboración co concello de Ourense e outros concellos limítrofes, unha vintena de talleres de memoria para as persoas maiores de 60 anos residentes nestes municipios con interese en manter e exercitar a súa actividade cerebral. Preto de 300 persoas beneficiáronse deste servizo en 2019 tan só en base a este programa

**Programa de Obradoiros de Estimulación:** consistiron en desenvolver un servizo específico de intervención psicoestimulativa para as persoas que se atopan en estadios iniciais e moderados dun deterioro cognitivo, establecendo para iso pautas de actuación individuais e grupais. Para o axeitado desenvolvemento deste programa empregamos a nosa infraestrutura –sede de AFAOR- e os locais cedidos por 3 congregacións relixiosas e o Centro de Día de Alzhéimer da Xunta en Ourense, GESMEDICAL en Carballiño, pola Cooperativa Viña Costeira en O Ribeiro e polo Concello de Celanova en Celanova. Un total de 190 usuarios directos residentes nestas 3 comarcas puideron disfrutar semanalmente deste servizo en 2019.

**Programa de Axudas Técnicas:** Co presente servizo tratamos de poñer a disposición daquelas familias máis necesitadas e que así o precisaron, un equipamento específico ao que non terían acceso, tanto no sector público, como privado, dunha maneira tan rápida e económica.

A pesar de estar asentados nas comarcas de Ourense, o Ribeiro, Celanova e O Carballiño, as características inherentes ao presente proxecto permitíronnos achegar este tipo de axudas a calquera dos 92 municipios existentes na provincia. En concreto, neste 2019 rexistramos un total de 70 beneficiarios que recibiron diverso material ortoprotésico, entre guindastres eléctricos, camas artelladas, asentos de baño, cadeiras de rodas, colchóns antiescaras, etc.

**Programa de Voluntariado:** As actividades principais nas que desenvolveron as súas funcións estas figuras foron os Obradoiros de Estimulación, nas que apoiaron ós nosos profesionais, sobre todo, a hora de levar a cabo as propias terapias, así como nas accións de Sensibilización e Promoción Social, axudando a difundir entre a cidadanía o coñecemento desta difícil enfermidade e da existencia da nosa asociación. Todo isto a través da organización e participación en distintos actos: mesas informativas do día Mundial do Alzheimer, eventos solidarios, coma a propia Cea Benéfica, etc.

A maiores destas accións, ó longo de todo o exercicio continuamos coa nosa presenza nas RRSS, eido onde as nosas voluntarias tiveron un papel importante de cara o seu seguimento, promoción e avaliación.

**Programa de Formación e Orientación Profesional:** Durante o primeiro cuadrimestre do presente ano desenvolvemos a I XORNADAS DE APROXIMACIÓN INTERDISCIPLINAR Ó ALZHEIMER. 17foron os alumnos de traballo e educación social que finalizaron con éxito un curso de 60 horas teórico-prácticas, quen agradeceron o bo facer dos monitores, os horarios establecidos e a calidade da formación, valoración similar á realizada polos 18 alumnos que participaron na oitava edición do curso “Atención Especializada a Persoas Maiores Dependentes”, un curso de 100 horas de duración executado entre os meses de novembro e decembro de 2019 e declarado, do mesmo xeito que o primeiro, de interese sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

A toda esta formación temos que engadir os “practicums” acollidos durante todo o ano en base a diferentes concertos de colaboración coa propia universidade e outros centros de formación profesional. Un total de 20 persoas formadas e/ou tutorizadas en 2019.